



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.

Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES

Alonso Bacigalupe, Luis  
Collazo Fernández, Antonio  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
Formella, Arno  
García Señorán, María del Mar  
Garrote Velasco, Gil  
Pillado González, Esther  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén  
Tellado González, Fernando

### PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Collazo Fernández, Antonio  
Llamas Nistal Martín  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pardo Froján, Juan E.  
Pino García, Antonio  
Rivo López Elena  
Vallejo Pousada Rafael

### PDI-B

González Jorge, Higinio

### ESTUDANTES

Rivera González, Paula

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio

### SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido

Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
García Fontán Soledad  
García-Pintos Escuder Adela  
Gómez Fraiz, Santiago  
Graña Rodríguez, Ana María  
Moldes Pita, Óscar  
Pedrosa Silva, Ernesto  
Pérez Cota, Manuel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 21 de marzo de 2018, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:35 h do día **21 de marzo de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de febreiro de 2018.
2. Informe do reitor.
3. Informe da comisionada do Vigo Tecnolóxico acerca do Plan estratéxico.
4. Aprobación, se procede, da posta en marcha do Comité de Xestión de Risco Biolóxico.
5. Aprobación, se procede, da proposta de Táboa de Ponderacións para o acceso ás universidades do SUG para o curso 2018/19.
6. Normativa de transferencia e recoñecementos de créditos de titulacións de grao e máster.
7. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de grao e máster para o curso 2018/19.
8. Aprobación, se procede, do límite de prazas de grao e máster para o curso 2018/19.
9. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2019/2020.
10. Aprobación, se procede, do Procedemento e Criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade no ano 2017.
11. Aprobación, se procede, do Procedemento e Criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2017.
12. Aprobación, se procede, da Guía de boas prácticas en investigación da Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, da participación na empresa BIOFAST como EBT da Universidade de Vigo.
14. Aprobación, se procede, da participación na empresa Alen Space como EBT da Universidade de Vigo.
15. Aprobación, se procede, do cambio de denominación do Centro Singular de Investigación da Universidade de Vigo dedicado á Investigación Mariña –Océano-ECIMAT– pola de “Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo”, co acrónimo “CIM-UVigo”.

16. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residencias O Castro e As Burgas para o curso 2018-2019.
17. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2018/19.
18. Aprobación, se procede, da propostas do Departamento de Física Aplicada de concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora M<sup>a</sup>. Inmaculada Paz Andrade.
19. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa de concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Jackelyn C. Campbell.
20. Aprobación, se procede, do Protocolo de actuación para o cambio de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo.
21. Aprobación, se procede, do Regulamento da Biblioteca Universitaria.
22. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Jaime Aneiros Pereira contra o acordo do Consello de Goberno de 22 de novembro de 2017 aprobando a oferta de emprego público do persoal docente e investigador para o ano 2017.
23. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Luis Miguel Muleiro Parada contra acordo do Consello de Goberno de 22 de novembro de 2017 aprobando a oferta de emprego público do persoal docente e investigador para o ano 2017.
24. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo para a colaboración no desenvolvemento das actividades da rede de investigación “Redes 2016 GI-1563 TMATI, Rede Tecnolóxica de Matemática Industrial” – Acordo específico entre a Universidade de León e a Universidade de Vigo para a constitución da Aula Confucio da Universidade de Vigo – Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas académicas externas do alumnado de todas as titulacións oficiais de grao e mestrado de ambas universidades – Convenio marco de cooperación interinstitucional entre a Universidad Nacional de Jaén (Perú) e a Universidade de Vigo – Convenio de cooperación educativa de prácticas académicas externas entre a Universidad de Salamanca e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Centroamericana José Simeón Cañas – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnolóxico Superior de Zongolica para o intercambio de estudantes - Acordo de cooperación entre a Universidad Técnica Particular de Loja (Ecuador) e a Universidade de Vigo tendo como obxectivo a cooperación académica entre as partes – Acordo marco nos eidos académico, científico e cultural entre o Consello Nacional das Institucións da Rede Federal de Educación Profesional, Científica E Tecnolóxica (CONIF) e a Universidade de Vigo.
  - Acordos específicos relacionados coa cooperación específica no eido de proxectos potenciais en investigación e desenvolvemento tecnolóxico de carácter multidisciplinar, e en proxectos de educación no ensino superior e as súas aplicacións específicas entre a Universidade de Vigo e:
    1. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Sudeste de Minas Gerais (IF SUDESTE MG)
    2. Instituto Federal de Minas Gerais (IFMG)
    3. Centro Federal de Educación Tecnolóxica de Minas Gerais
    4. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología de Mato Grosso
    5. Instituto Federal de Mato Grosso do Sul (IFMS)
    6. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología de Sao Paulo-IFSP
    7. Instituto Federal de Brasília
    8. Instituto Federal do Rio de Janeiro (IFRJ)
    9. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Rio Grande do Sul (IFRS)

10. Instituto Federal de Paraná (IFPR)
  11. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Pará
  12. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Tocantins
  13. Instituto Federal do Espírito Santo (IFES)
  14. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia da Paraíba
  15. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Amazonas (IFAM)
  16. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Sertão Pernambucano
  17. Instituto Federal de Alagoas
  18. Instituto Federal do Ceará (IFCE)
  19. Instituto Federal do Amapá
  20. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Acre
  21. Colégio Pedro II
- Protocolos de intención relacionados coa cooperación específica no eido de proxectos potenciais en investigación e desenvolvemento tecnolóxico de carácter multidisciplinar, e en proxectos de educación no ensino superior e as súas aplicacións específicas entre a Universidade de Vigo e:
    1. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Sul de Minas Gerais
    2. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Norte de Minas Gerais (IFNMG)
    3. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia de Goiás
    4. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia Sul-Rio-Grandense
  - Memorandos de entendemento relacionados coa cooperación específica no eido de proxectos potenciais en investigación e desenvolvemento tecnolóxico de carácter multidisciplinar, e en proxectos de educación no ensino superior e as súas aplicacións específicas entre a Universidade de Vigo e:
    1. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia de Rondônia (IFRO)
    2. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia Goiano
    3. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Maranhao (IFMA)
25. Rogos e preguntas.

Ao comezo da sesión o reitor dá lectura ás persoas que xustifican a súa ausencia cuxos nomes se relacionan na marxe desta acta.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de febreiro de 2018.

O reitor informa de que non se recibiron alegacións á acta. Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

Comeza dando conta dos actos institucionais celebrados dende o pasado Consello de Goberno e que cómpre destacar pola súa significación. Así, o 16 de febreiro celebrouse un acto para homenaxear ao persoal da Universidade que se xubilou entre os anos 2015-2017, lembra o reitor que no 2014 se fixera a primeira edición desta homenaxe dedicada aos xubilados dende a orixe da institución. Neste acto se lles entregou a insignia de prata a máis de 80 traballadoras e traballadores en recoñecemento ao seu traballo, que fixo posible que hoxe esteamos aquí. En segundo lugar, lembra o reitor os derradeiros actos relacionados coa despedida ao Pergamiño Vindel, que volveu á Morgan Library o 5 de marzo despois dun acto académico realizado de xeito conxunto entre os membros da Real Academia Galega e a Universidade, e dunha despedida no Museo do Mar de Galicia, que pechou un período no que máis de

50.000 persoas tiveron a ocasión de disfrutar desta xoia da nosa cultura. E en terceiro lugar, refírese ao acto institucional celebrado co gallo do día da muller que tivo lugar o día 7 de marzo, coa entrega do VI premio UViguala, nesta ocasión ás redactoras e redactores do DUVI, así como o éxito das concentracións celebradas nos tres campus o día 8, xornada que se lembrará pola impresionante resposta da sociedade a este chamamento por unha sociedade igualitaria e máis xusta.

Noutra orde de cousas, o reitor destaca as actividades desenvolvidas para potenciar sobre todo a captación de estudantes e os convenios de mobilidade da universidade de Vigo. Así, dá conta da celebración, o ámbito da comunidade autónoma, a principios de marzo da sétima edición da Feira EDUGAL, na que a Universidade acudiu un ano máis a amosar o potencial das súas titulacións a mais de 5000 visitantes. En febreiro, tivo lugar o II Encontro bilateral entre as universidades de León e de Vigo. Ao abeiro deste encontro establecéronse liñas de colaboración para titulacións conxuntas, fomento do emprego e o emprendemento, mecenado e reforzo do polo aeroespacial. Tamén asinou un convenio de colaboración para a creación dunha Aula Confucio en Vigo, que nos permitirá ofrecer cursos e exames oficiais de acreditación de chino mandarín. A nivel internacional, destaca a participación da vicerreitora de estudantes e a directora da ORI na I Feira Internacional de Educación Superior de Argentina, celebrada en Mendoza, na que deron a coñecer a oferta académica da UVigo e participaron en conferencias e obradoiros sobre internacionalización e mobilidade con América Latina e sobre política lingüística. Nesta Feira acadáronse unha vintena de acordos de mobilidade de estudantes e docentes con importantes universidades do continente americano, xunto con universidades europeas de Torino, Lorraine, Pau et des Pays de L'Adour. Tamén, a vicerreitora recibiu a invitación do presidente da recentemente creada cátedra Unesco de Multilingüismo para incorporar á Universidade de Vigo a esta cátedra. Nesta viaxe, pero en Bos Aires, realizaron unha presentación da nosa universidade ao alumnado interesado en continuar os seus estudos universitarios en España, e avanzouse nun proxecto de dobre grao internacional en Belas Artes coa Universidad Nacional de las Artes e ultimouse un convenio coa Escuela de Arte de la Universidad de Córdoba, punteira neste ámbito.

Comenta tamén o reitor a visita institucional celebrada a Brasil, na que se materializou unha colaboración que comezara no ano 2014 e o continuou en 2016 coa visita que realizou ao campus vigués unha delegación de representantes do Ministerio de Educación de Brasil, do Consello de Reitores e de media ducia de institutos federais politécnicos de Brasil. En Brasilia, asinou un memorando, o primeiro por parte dunha universidade europea que contempla accións nos ámbitos educativo, científico e tecnolóxico, entre a institución académica viguesa e o Conselho Nacional das Instituições da Rede Federal de Educação Profissional, Científica e Tecnológica, Conif, así como 24 convenios específicos con diversos institutos federais, co obxectivo de facilitar e intensificar a cooperación para o desenvolvemento de proxectos e actividades de I+D e outras actividades (que hoxe se presentan no punto de convenios). Entre eles, menciona os traballos específicos desenvolvidos co Instituto Federal de Brasilia e o Instituto Politécnico Federal de Goiás, e destaca que xa onte recibíuse a visita de científicos deste instituto para traballar cos investigadores da EEI no eido da enxeñaría eléctrica e empezar a desenvolver proxectos conxuntos. Engade o reitor que estes vínculos co Conif, se reforzan pola participación conxunta no proxecto europeo Lapassion, que colidera Vigo xunto co instituto politécnico de Porto, financiado con preto dun millón de euros polo programa Europeo Erasmus+ que permite relacionar o Campus Crea coas institucións europeas e americanas participantes.

Informa tamén o reitor da sinatura do convenio de creación da cátedra Ardán coa Zona Franca de Vigo, cunha vixencia de catro anos. Ao seu abeiro elaboráronse estudos sobre o desenvolvemento da competitividade da economía galega e sobre a realidade económica rexional, xestión empresarial e outros orientados á mellora das organizacións. Se contemplan tamén outras actividades que serán planificadas pola comisión mixta en liñas emerxentes ou sectores cun alto potencial de impacto en Galicia, nas que participarán especialmente os grupos integrados en ECOBAS.

Destaca tamén a sinatura este martes do acordo con GRADIANT para a creación dun laboratorio de Ciberseguridade, posto en marcha entre a Universidade de Vigo e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia denominado Cyprian (CYbersecurity, PRIVacy and Anonymity Lab).

Dá conta tamén da celebración do Consello Reitor do Campus do Mar no que se aprobou o plan de

actividades para o período 2018-2020 que marcará a senda de continuidade do Campus do Mar, moi ligado ao desenvolvemento do proxecto da ETEA que permitirá a constitución da sede física do Campus do Mar.

Finalmente o reitor expón que hai unha semana o Consello de Campus de Ourense aprobou o inicio do proceso do traslado físico da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense, actualmente situada no Hospital Santa María Nai, ás instalacións do campus grazas a colaboración de todos os decanos e decanas. Aclara que este cambio de localización non supón a integración deste centro adscrito na Universidade de Vigo, xa que o proceso de integración que se propuxo á Consellería hai máis dun ano segue sen resposta.

Para rematar o informe, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen lembra a os membros do Consello de Goberno que o Real Decreto Lei 14/12, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, establece a obriga de que as universidades presenten perante o Consello Social, antes do 1 de marzo de cada ano, a liquidación do exercicio económico anterior. En cumprimento desa obriga, fíxose a presentación diante da Comisión de Economía do Consello Social. Indica que o exercicio do ano 2017 pechouse cun superávit de 566.931 euros. Considera que se trata dun resultado axeitado, que garante o equilibrio económico da institución e que pecha un ciclo de 6 anos nos dous períodos deste equipo de goberno nos que se logrou finalizar con superávit as contas anuais. Subliña que en 2017 os dereitos recoñecidos incrementáronse en 3.866.000 euros, o que supón un 2,51% máis que no exercicio anterior, reducíndose o gasto en bens e servizos correntes diminuíron en 1.800.000 euros. Especial fincapé fai no incremento de 2.343.000 euros no capítulo I de gastos de persoal, o que confirma o esforzo que esta universidade ten feito en persoal nestes anos de fonda crise económica.

### **Punto 3.** Informe da comisionada do Vigo Tecnolóxico acerca do Plan estratéxico.

O reitor cede a palabra á Comisionada do Vigo Tecnolóxico, invitada ao Consello de Goberno para participar neste punto.

A comisionada realiza un resumo da traxectoria do Vigo Tecnolóxico, que se recolle no **Anexo I**, dende o seu nacemento en outubro de 2014, da man do profesor José Antonio Vilán, coa misión de consolidar a área dedicada ás tecnoloxías da información e da comunicación, avanzar nos ámbitos aeroespacial e de bioenxeñaría e desenvolver o campo relativo á investigación industrial e relacionada coa enerxía, ata o momento actual, no que se constrúe o campus de especialización Vigo Tecnolóxico, integrando os catro piares CINBIO, atlantTic, INEX e CINAIE.

A continuación, tras destacar a misión e a visión do Vigo Tecnolóxico, dá conta do modelo de gobernanza, cun nivel superior constituído polo comité de dirección (setembro de 2017) e integrado polas direccións dos centros que integran o VTX e presidido pola Comisionada. Indica que a secretaría técnica incluírá as áreas de xestión e finanzas, comunicación e investigación e transferencia. Explica tamén a existencia de dous comités asesores, un a nivel rexional e outro internacional.

Finalmente, pasa a presentar as liñas xerais da estratexia 2025, enunciando as accións concretas e inmediatas que se establecen para cada unha delas.

Comenta a comisionada que se trata dun Plan estratéxico ambicioso, de longo percorrido pero que pode levará a completar a estrutura dos campus de especialización da Universidade de Vigo.

Non hai intervencións por parte dos membros do Consello de Goberno.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da posta en marcha do Comité de Xestión de Risco Biolóxico.

Cede a palabra o reitor á comisionada do Vigo Tecnolóxico, quen expón que o Centro de Investigacións Biomédicas da Universidade de Vigo conta, nas súas instalacións, cun laboratorio para a investigación con axentes biolóxicos de nivel 3, é dicir, patóxenos con capacidade de provocar enfermidades graves en humanos, para as que existe tratamento. Este laboratorio singular en Galicia entrará en funcionamento en breve e terá categoría NC3, dotado dun nivel de contención 3.

Indica a comisionada que este laboratorio permitirá acceder a novas liñas de investigación, atraer novas colaboracións externas e participar nunha maior variedade de proxecto, atraendo así novas fontes de financiamento. O traballo con patóxenos habituais de nivel P2 Plus xa se está a facer pero con este laboratorio o CINBIO estará preparado para a nova normativa que entrará en vigor antes de fin de ano. Ademais de traballar con mostras contaminadas de patóxenos tipo 3 como a tuberculose (coa que xa se traballa), tamén se poderán infectar células con virus que requiran este nivel de contención. Este servizo xa está a ser solicitado polos hospitais da contorna e grupos de investigadores do propio centro. Será por tanto un avance considerable nas posibilidades que vai ter o CINBIO neste tipo de investigación.

Continúa expoñendo que o Dr. Gonzalo Pascual, interventor da FAO, vén colaborando na posta en funcionamento do laboratorio aportando información sobre a nova normativa, que entrará en vigor a finais deste ano, e que establece a necesidade de cumprir coa norma UNE-CWA 15793:2011 que regula a Xestión do Risco Biolóxico. Será, así, posible certificar o sistema de xestión e asegurar o cumprimento do Real Decreto 664/1997 que regula o traballo con axentes biolóxicos.

Destaca que é preciso definir unha política de xestión de risco biolóxico dende a Universidade de Vigo cun compromiso explícito de protexer ao persoal, cumprir coa lexislación, asegurar a xestión eficaz do risco biolóxico, reducir o risco de liberación non intencionada, informar ao persoal e aliñarse na mellora continua. Como primeiro paso, debe constituírse un Comité de Xestión do Risco Biolóxico que asegure a identificación, implementación e mantemento de metodoloxías axeitadas para a avaliación e rexistro dos riscos. Neste comité estarán representados a dirección da organización, a dirección científica, as persoas que asesoren na xestión do risco, a dirección de seguridade e os profesionais da vixilancia da saúde.

Prosigue dicindo que tamén é preciso designar un Asesor de Seguridade Biolóxica, coas seguintes funcións: verificar se se tiveron en conta os aspectos relevantes relativos ao risco biolóxico, participar na elaboración de informes, asesorar ao persoal científico, á organización e ao resto de persoal sobre cuestións relativas ao risco biolóxico, entre outras.

A continuación, informa da proposta de Comité de Xestión de Riscos Biolóxicos:

- Reitor, ou persoa en quen delegue.
- Director/a do CINBIO
- Asesor/a de Seguridade Biolóxica.
- Asesor/a na Xestión do Risco Biolóxico.
- Representante do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.
- Técnica/o do laboratorio BSL-3
- Profesional da vixilancia da saúde.

Subliña o reitor a necesidade de poñer en marcha este comité como paso inicial para poder acreditar e dar cobertura a estas actividades científicas do CINBIO.

Non hai intervencións e apróbase a proposta de creación e da posta en marcha do Comité de Xestión de Risco Biolóxico por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da proposta de Táboa de Ponderacións para o acceso ás universidades do SUG para o curso 2018/19.

Para a presentación deste punto, o reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes.

Expón a vicerreitora que na Orde ECD/42/2018, de 25 de xaneiro pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, na que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte introduce no artigo 3 (Materias obxecto de avaliación) unha novidade con respecto a ABAU do ano pasado. É a posibilidade de que os estudantes poidan examinarse dunha segunda lingua estranxeira distinta da que cursaran como materia do bloque de materias troncais, nomeadamente francés, e a cualificación obtida en dita proba poderá ser tida en conta polas universidades nos seus procedementos de admisión. Explica a vicerreitora que xurde dunha demanda do profesorado de francés de secundaria e de organizacións como a Alianza Francesa diante do Ministerio. Engade que algunha comunidade o curso pasado permitiu que na fase xeral o estudantado optara por inglés ou francés o que supuña ir contra da lei, xa que esta indica claramente que deberán examinarse da materia troncal cursada. Polo tanto este ano introduciron esta posibilidade de exame da segunda lingua estranxeira, e que esta pondere na fase específica.

Continúa expoñendo a vicerreitora que o 6 de febreiro a Secretaría Xeral de Universidade convoca aos representantes das tres universidades na CIUG para acordar a realización da proba na ABAU, como indica a lei e os parámetros de ponderación para a segunda lingua estranxeira. E, de maneira lineal, deciden que se introduza unha ponderación un índice de ponderación de 0,2 para Francés en todos os graos adscritos ao ámbito de Arte e Humanidades e ao ámbito Xurídico Social, como se está a facer no resto das universidades do estado. Para o próximo ano se, se segue mantendo a ABAU, haberá que debater se estas titulacións propón outra ponderación.

Indica a vicerreitora que a táboa presentada coa convocatoria da sesión do Consello de Goberno inclúe tamén os índices de ponderación que os centros responsables dos cinco novos graos a implantar no curso 2018-2019 no sistema universitario galego (Criminoloxía, Xestión Industrial da Moda, Biotecnoloxía, Enxeñaría Biomédica e Paisaxe) aprobaron nas súas respectivas Xuntas de Centro. Amais figura a modificación do índice de ponderación (de 0,1 a 0,2) da materia de Matemáticas II que a Facultade de Ciencias do Mar aprobou para o Grao en Ciencias do Mar, en liña co que se fai noutras universidades do estado. Engade que máis recentemente chegou a solicitude de Economía, Empresariais e Administración de Empresas para modificar as ponderacións de determinadas liñas de bacharelato. Esta petición foi atendida, polas tres universidades e a CIUG pero entendeuse, e así se transmitiu aos decanatos, que debería realizarse o ano próximo porque de facelo neste curso, podería prexudicar ao estudantado que xa fixera a elección das materias de segundo, tendo en conta os índices de ponderación acordados para este curso.

Non se formulan cuestións e apróbase a proposta por asentimento (**Anexo II**).

**Punto 6.** Normativa de transferencia e recoñecementos de créditos de titulacións de grao e máster.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen refire que o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais determina que as universidades elaborarán e farán pública a súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos. En cumprimento do disposto no antedito real decreto, a Universidade de Vigo aprobou a Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para as titulacións adaptadas ao EEES o 23 de xullo de 2008. Explica a vicerreitora que compre aprobar unha nova normativa que, por unha parte se adapte aos avances normativos superiores como o recollido no Decreto 967/2014 no que se abordan a validación de estudos estranxeiros e, por outra parte, os desenvolvementos normativos propios da Universidade de Vigo, por exemplo, o recoñecemento de créditos pola participación en actividades culturais, deportivas, de representación estudiantil, etc. que foron aprobadas no Consello de Goberno de outubro de 2017.

Na proposta de normativa que se achega, continúa, establécense os criterios para recoñecemento de criterios para os estudos de grao e máster, por outros estudos superiores, por experiencia laboral e profesional, por estudos estranxeiros, por estudos anteriores ao RD 1393/2007 ou polas actividades extracurriculares anteditas. De igual xeito, establécense os procedementos de solicitude, de concesión e de cualificación. Para finalizar, indica a vicerreitora que a versión que se enviou aos membros do Consello de Goberno coa convocatoria non é a definitiva, xa que hai un cambio de redacción no artigo 4, que xa se foi incluído na que se actualizou onte na plataforma.

Apróbase por asentimento a normativa (**Anexo III**).

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de grao e máster para o curso 2018/19.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, en substitución da vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Tamén están invitadas a participar as directoras das áreas de Grao e Posgrao para intervir neste punto.

O vicerreitor agradece a presenza de ambas directoras de área, que son as que van realizar a presentación dos cambios máis salientables na programación docente de grao e máster con respecto da proposta do ano anterior, xa que a documentación íntegra foi enviada xunto coa convocatoria.

Comeza a directora da Área de Grao comentando que a proposta que se presenta trata, como en cursos anteriores, en primeiro lugar a distribución de horas que se asigna a cada centro e, en segundo lugar, a adscrición de materias a departamentos. Explica que na táboa achegada se indican as horas que corresponden a cada centro por aplicación da normativa, as horas solicitadas, e a proposta final na que se teñen en conta certas excepcionalidades. A continuación menciona un primeiro grupo formado por centros con PDAs nunha marxe de 10% de exceso con respecto das horas correspondentes por normativa (Fac. de Ciencias, Fac. Historia, Fac. Dereito, Fac. de Empresariais e Turismo, Fac. de CC da Educación, E.S. de Enxeñaría Informática, Fac. CC de Educación e do Deporte, Fac. de CC Sociais e da Comunicación, Fac. Bioloxía, Fac. Económicas e Empresariais, E. U. de Estudos Empresariais, Fac. De CC Xurídicas e do Traballo). Un segundo grupo no que se inclúen: Fac. Química, Fac. CC do Mar, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, cun exceso superior ao 10%, pero que dispoñen de folgura de profesorado. Concretamente, na E. E.de Telecomunicación, ademais desta folgura presenta unha situación particular na que o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, se separa en catro mencións con atribucións profesionais polo que se produce unha especialización que require grupos reducidos. Destaca outro grupo de centros que teñen unhas horas en exceso e non teñen folgura no profesorado, no que se atopan a Fac. de Belas Artes, Fac. de Fisioterapia que xustifican o exceso pola necesidade de grupos prácticos. Menciona a continuación a Escola de Aeronáutica e do Espazo, que tamén excede o 10% solicitado pola necesidade manter a estrutura de grupos que proceden de 1º e 2º neste curso no que se implanta o terceiro curso. No caso da Escola de Enxeñaría industrial, que tamén supera o exceso antedito, pero ten unha situación particular ao tratarse dun centro moi complexo, con dúas sedes, que imparte seis graos na actualidade ao que se incorpora o de enxeñaría Biomédica. Por último, menciona un grupo de centros que, se ben superan o número de horas, o baixo número de alumnos e alumnas que teñen impide incrementar o tamaño medio de grupo. Neste caso estaría a Escola de Enxeñaría Forestal, a Fac. de Filoloxía e Tradución (Titulación de Ciencias da linguaxe) e a Escola de Minas e Enerxía. De este último caso, subliña que as dúas titulacións que se imparten teñen unha matrícula moi baixa, así o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, título singular no SUG, propónse eliminar para o curso 2018-2019 unha das mencións da titulacións, concretamente a mención de mineralurxia e metalurxia, aínda que ten que ofertarse este último ano porque hai alumnado pendente de rematar os estudos. Condiciónase a oferta de esta mención a que exista alumnado matriculado. A directora da Área de Grao indica que na táboa resumo tamén se fan constar as horas extras en inglés correspondentes á docencia en inglés dentro do plano de internacionalización.

Engade que as propostas presentadas foron informadas favorablemente pola COAP. Para finalizar, informa da solicitude da Fac. de Económicas e Empresariais dun grupo de teoría en primeiro curso



primeiro cuadrimestre de ADE, a maiores dos que ten asignados na PDA proposta, para paliar o problema da tardía incorporación do alumnado procedente das PAU de setembro. Este grupo adicional foi informado desfavorablemente pola COAP, xa que no caso de se aceptarse esta solicitude, debería facerse en todos os graos. En todo caso, conclúe, este é o último ano no que acontece esta complicada situación. Solicítase polo tanto a PDA proposta.

A continuación, a directora da Área de Grao expón coa adscrición de materias a departamentos, indicando tan só as que difiren da proposta enviada dende os centros. Comeza coa materia “Química” do 1º curso da EEI, común aos sete graos que se impartirán no centro e explica que se trata dunha materia impartida por catro departamentos, entre eles o de Enxeñaría Química, no que esta docencia pode supoñer contratación. A proposta que foi aprobada pola COAP é a de manter a adscrición que propón o centro pero, no caso de que sexa necesaria a contratación de profesorado no departamento de Enxeñaría química, pasar esas horas aos outros departamentos como se fixo en anos anteriores, pero sempre que se permita manter un profesor a tempo completo para impartir esta materia, xa que historicamente este departamento é o coordinador da materia. Polo que a contratación máxima sería neste departamento de un profesor asociado T3P6.

Prosigue explicando o caso da materia Xeoloxía do primeiro curso da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, común aos dous graos. Na actualidade está asignada ao departamento de Xeociencias mariñas e Ordenación do territorio (C10). A Xunta de Centro acordou a adscrición ao depto. Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06), Área de Explotación de Minas, pero neste departamento sería necesaria a contratación de profesorado, mentres que no C10 podería asumila coa folgura docente existente. Polo tanto a proposta é manter a adscrición a este departamento que xa impartía a docencia desta materia no curso anterior.

Finalmente, no grao de Enxeñaría Aeroespacial proponse aceptar a adscrición de materias a departamentos que envían dende o Centro, coa excepción das materias de Mecánica de Fluídos (2º curso) e Mecánica de Fluídos II (3º curso) que o centro adscribe ao departamento de Física Aplicada. Na proposta que se somete a aprobación, a asignación se realiza ao departamento T03, que contén unha Área de Mecánica de Fluídos, que xa impartira a docencia da materia de 2º neste curso. Os criterios son puramente académicos, a pesar de que en este departamento poida supoñer contratación. Tamén neste grao, a materia Cálculo Numérico, materia nova de 3º curso, proponse manter a adscrición realizada polo centro, ao departamento T17 - Matemática Aplicada II, sempre que este poida impartir toda a docencia que ten no Campus de Ourense co profesorado que ten dispoñible. No caso de que poida supoñer contratación, a proposta é adscribir parte da docencia ao departamento T16-Matemática aplicada I.

Finalizada a presentación da programación docente anual de grao, a directora da Área de Posgrao, comeza explicando que na táboa que se axunta coa documentación se recollen as horas de PDA asignadas a cada título de máster segundo a normativa aprobada en Consello de Goberno, xunto coas horas a maiores solicitadas polos títulos, e finalmente as horas propostas tras a valoración na COAP. Indica que a maior parte dos títulos se axustan ás horas de normativa, polo que só se informará das excepcións:

Comeza detallando as solicitudes e xustificacións das propostas informadas favorablemente pola COAP. No Máster en Matemática Industrial solicítanse manter 27 horas de docencia presencial na materia TFM, polo que estaría por riba do 3% indicado na normativa, horas que se dedicarán a facer talleres de problemas de matemática industrial. Os M. U. en Administración Integrada de Empresas e responsabilidade social corporativa, M. U. en Arte Contemporánea, Creación e Investigación e o máster en Biotecnoloxía Avanzada solicitan horas por riba das normativas para manter unha situación similar a dos cursos anteriores en aras de unha maior estabilidade. No caso do M. U. en Tradución para a Comunicación Internacional o incremento de horas solicitado é de 4 h, para ter unha distribución máis homoxénea das materias do máster. En canto os M. U. en Enxeñaría de Minas, Enxeñaría de Telecomunicación e Enxeñaría Industrial, xustifican as súas solicitudes no número de matriculados e na distribución de grupos A, B e C. O máster en Ciberseguridade, solicitan un aumento de horas para impartir 7h/ECTS mantendo a coherencia coa UdC que tamén vai participar nel.

A continuación, dá conta das solicitudes que foron revisadas e modificadas pola COAP, comezando polo M.U. en Oceanografía, ao que se asignan 50 horas máis para poder recoñecer 7h/ECTS nas materias de especialidade que só se imparten na UVigo. No máster en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais, propónse un incremento de 84 horas para que tamén se poidan recoñecer 7h/ECTS; no M. U. en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria, propónse incrementar 45 h para impartir ata 10 materias optativas; no caso do máster de Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados, propónse un aumento de 42 h para poder recoñecer ata 7h/ECTS.

Para finalizar, a directora da Área de posgrao indica que foi detectado un erro na documentación entregada e no máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda correspondería unha PDA de 740h en lugar das 510h que constan na táboa

Rematada a presentación, o reitor indica que, diante da súa solicitude, foi invitado a participar nesta sesión do Consello de Goberno o director do departamento de Enxeñaría Química, J. M. Cruz Freire, a quen cede a palabra en primeiro lugar.

O profesor Cruz Freire, resume o acontecido coa PDA do ano pasado, e o malestar producido no Depto de Enxeñaría Química ao respecto. Explica que este departamento sempre se encargou da docencia da materia de Química na EEI e que dita asignación se realiza con criterios académicos, e así se propuxo manter. Pero lembra que o acordo da COAP e de Consello de Goberno indicaba que dita asignación se mantiña sen posibilidade de contratación. Aclara que o ano pasado xubiláronse catro profesores da área que impartían 420 horas o que supón case un terzo da capacidade docente que tiñan no Campus de Vigo, ante esta situación a solución que se lles ofreceu foi retirarlles a docencia na materia de 1º curso da Enxeñaría Industrial, que é a máis importante no Departamento. Engade que mantiveron unha reunión co reitor que, se ben entendeu os argumentos presentados, considerou que nese momento xa estaba aprobado pola COAP e polo Consello de Goberno, polo que non se podía corrixir. Como consecuencia o Departamento asumiu a docencia a custo cero, cun importante número de horas por encima da capacidade docente de cada profesor da área, o que supuxo un esforzo notable asumido na convicción que era unha situación transitoria.

Continúa explicando que na PDA deste curso, de novo por unanimidade da Comisión Permanente da EEI, se lles asignaron 6 dos 10 grupos de química. Manifesta a sorpresa do departamento cando novamente o informe da COAP condiciona a asignación á falta de contratación. Tras falar co vicerreitor de Economía e Planificación como presidente da COAP, que amosou boa disposición a solucionalo e indicou que se farían xestións para intentalo. Tras a explicación da directora de Área parece que se permite a contratación dun profesor asociado, o que permitirá cubrir 2 grupos, é un xesto que se agradece, continúa o profesor Cruz, pero non poden considerarse satisfeitos, xa que pedían que se respectara a vontade da escola expresada na unanimidade da asignación. Reitera o director de departamento que a contratación supón un lixeiro alivio, pero para manter a docencia requirírase de novo un esforzo da área de Enxeñaría Química. Considera que o custo que suporía a contratación de dous asociados, para resolver o problema, non suporía un prexuízo económico grave á institución e está perfectamente motivado, como se recolle nos escritos remitidos dende a EEI .

O profesor Antonio Collazo solicita unha aclaración en relación co exposto da mención de Mineralurxia – Metalurxia. Entende que a mención se extingue no caso de que non existan alumnos matriculados, situación coa que o departamento está de acordo. Pero da explicación dada pola directora de área parece que dita extinción está condicionada a existencia dun determinado número de alumnos. Solicita que se inclúa unha anotación de que, no caso de que unha determinada mención tivera un curso un número extraordinariamente baixo , pero ao curso seguinte houbera un número elevado de alumnos, non se producira a extinción. Na segunda parte da súa intervención adianta o seu apoio á PDA da Escola de Enxeñaría Industrial e a que se respecte a decisión tomada pola Comisión permanente da EEI, asignando a docencia da materia de Química ao Departamento de Enxeñaría Química.

Intervén a continuación o profesor Álvarez Villamarín en relación coa solicitude da Facultade de CC. Económicas e Empresariais dun grupo extra da pola situación excepcional que orixina a entrada de

estudantes que superan as PAU en setembro. Indica que este tema foi votado na COAP por separado da PDA. Explica que a petición realizada polo centro é lóxica e, se ben, é unha situación que afecta a todos os centros da universidade, considera que en algúns deles a problemática é moi superior. Engade que na asignación das horas de PDA, enténdese que cada centro argumente a súa especificidade para xustificar os excesos con respecto ás horas definidas por normativa. E que nos centros cunha porcentaxe de acceso de estudantes das ABAU de setembro moi elevada causa un prodúcese un problema específico tanto para o profesorado, como para o estudantado, xa que estas titulacións rexistran taxas de abandono extraordinariamente elevadas nos primeiros cursos, que posteriormente son destacadas pola ACSUG nas súas avaliacións. Subliña que aínda que sexa o último ano das ABAU, é un ano máis no que o estudantado paga a matrícula completa, pero non recibe a docencia completa. Considera que a Universidade non fixo esta reflexión naqueles centros nos que este problema ten unha especial incidencia.

Toma a palabra o Sr. Federico Fernández para dar lectura a un texto achegado polos profesores do departamento de Física Aplicada da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, que chega posteriormente para a súa incorporación na acta (**Anexo IV**). En dito texto estes profesores explican a súa posición en relación co encargo de docencia das materias “Mecánica de Fluídos” e “Mecánica de Fluídos II e CFD” de Enxeñaría Aeroespacial, inicialmente asignadas polo centro ao departamento de Física Aplicada e posteriormente cambiadas pola COAP ao departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, con todo o seu profesorado con destino no Campus de Vigo. Expoñen os argumentos que avalan a súa postura, baseados tanto na clasificación de ámbitos de coñecemento en ciencia e tecnoloxía da UNESCO, como na optimización do profesorado, xa que os do campus de Ourense teñen grandes folgoras. Consideran que a titulación de Enxeñaría Aeroespacial foi iniciada en cumprimento dunha sentenza e indicando que esta titulación posúe amplos contidos en física, pero na actualidade só se encarga a docencia de cinco materias, das corenta da titulación, ao Departamento de Física Aplicada. Solicitan que se modifiquen as decisións tomadas en relación á asignación de docencia.

Intervén a continuación o profesor Bienvenido Diez indicando que a representación sindical se remite ao expresado no anterior Consello de Goberno respecto das normas de POD, reiterando a súa oposición a ditas normas, que consideran deben pasar pola mesa de negociación. Non require resposta, pero queren que conste en acta.

O profesor Juan Pardo incide no comentado polo director do Departamento de Enxeñaría Química en relación coa materia de Química, subliñando a decisión unánime da comisión Permanente da EEI no reparto da docencia entre a área de Enxeñaría Química e outras áreas, considerando que é Enxeñaría Química a que debe levar a cabo a coordinación, seguindo sempre argumentos de calidade docentes e de índole académica. Agradece que se avanzara un pouco nesta dirección pero considera que é aínda insuficiente para cubrir as necesidades de docencia e de coordinación da materia, na liña de calidade que perseguía a comisión permanente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen comeza respondendo aos profesores Cruz Freire e Pardo Froján. Di que non quere volver a entrar nos argumentos académicos, comprende a posición da EEI, que desexa manter a coordinación da materia na Área de Enxeñaría Química. Aclara que a modificación proposta, tratada na COAP con posterioridade a toma de decisión da semana pasada, non supón unha modificación de dito acordo, salvo no que se refire a esta excepcionalidade. Reitera que acordouse manter un profesor a TC nesta materia, que ten que ser un profesor estable da Universidade, e compensarse a docencia que deixe libre noutras materias coa contratación dun profesor asociado T3P6. Entende que con esta proposta dáse solución a unha demanda de que a coordinación da materia e a adecuación dos contidos ás necesidades da enxeñaría sega ser levada a cabo pola Área de Enxeñaría Química.

En relación ao exposto polo profesor Collazo en relación da mención de Mineralurxia-Metalurxia, aclara que o acordo é que se non hai estudantes matriculados, non se imparta a mención, porque ocorreu noutros anos que aínda sen estudantes se contrataron profesores asociados, que é o que se trata de evitar, pero cara ao seguinte curso, de haber matrícula manterase a mención.

Responde ao profesor Álvarez Villamarín, dicindo que este tema foi discutido na COAP e aínda que coincida nos argumentos de base, como os problemas causados na docencia e nas taxas de abandono, considera que a proposta é extemporánea en primeiro lugar porque é o último ano que ocorre esta situación, ao modificarse as datas de realización das ABAU e, en segundo lugar porque implicaría tomar a decisión ao marxe de outras titulacións que tamén poden ter este problema (como ADE Ourense).

En canto á intervención do Sr. Federico Fernández, subliña que non quere establecer un debate académico en relación con ambas áreas de coñecemento, pero se hai un área que se denomina especificamente Mecánica de Fluídos é difícil entender que as materias con denominación idéntica se impartan noutra área, xa que o argumento de fondo é que á Física Aplicada é unha área fundamental, pero existen áreas específicas máis axeitadas para as materias específicas.

Finalmente en relación ao profesor Bienvenido Díez, en efecto a resposta foi reiterada en diferentes foros.

Finalizadas as intervencións sométese a votación a proposta de programación docente anual (PDA) de grao e máster para o curso 2018/19, que resulta aprobada por 32 votos a favor, 0 votos en contra e 4 abstencións.

Indica o reitor que por motivos de forza maior, vaise a adiantar a exposición do punto 15 da orde do día posto que vén de falecer o pai do director do ECIMAT, Jesús Souza Troncoso, que vai facer a presentación deste punto.

**Punto 15.-** Aprobación, se procede, do cambio de denominación do Centro Singular de Investigación da Universidade de Vigo dedicado á Investigación Mariña –Océano-ECIMAT– pola de “Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo”, co acrónimo “CIM-UVigo”.

O director explica que é un cambio estratéxico que non afecta á estrutura, xa que os recursos humanos son os mesmos. Lembra a creación da ECIMAT no 2006 e no ano 2008, coa formación das Agrupacións Estratéxicas, aglutináronse diferentes grupos de investigación e concedeuse a Agrupación estratéxica por dúas convocatorias, no 2010 incorporouse o Campus do Mar e en 2016 consegue a concesión do Centro Singular do SUG. Nese período o centro medrou moito, a infraestrutura principal é unha infraestrutura europea incorporada ao MBRC.

Polo tanto propónse o cambio de denominación como consecuencia dunha reestruturación, como consecuencia da incorporación de novos grupos, para axustalo mellor á actual estratexia dos campus de especialización, neste caso ao campus mariño. Ao estar financiado con cargo ás axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, solicitouse a autorización da Xunta de Galicia quen a concedeu, unha vez sexa aprobado con carácter previo pola universidade.

Para finalizar, agradece a colaboración do reitor e de todos os vicerreitores nestes catro anos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, do límite de prazas de grao e máster para o curso 2018/19.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, que indica que esta información hai que remitila á Xunta de Galicia antes do día 1 de abril, para que despois sexa reenviada ao Ministerio de Educación que realiza a presentación da oferta global de prazas en todas as universidades do estado. Lembra que a norma Xunta é moi restritiva, non contempla que se poidan facer modificacións importantes: o incremento da oferta está prohibida e solo se autorizarían reducións por debaixo do 5%. A continuación dá conta das variacións máis importantes con respecto do ano pasado: no Grao de Comercio, solicítase unha redución do 5% para adaptarse á demanda real do título; na EEI detráense

prazas do título de Enxeñaría Electrónica industrial e Automática, Organización Industrial, Tecnoloxías Industriais e Mecánica para poder ofertar 50 prazas no novo grao de Enxeñaría Biomédica que se implantará no curso 2018/2019; no grao de Dirección e Xestión Pública cambian o número de prazas ofertadas entre as modalidades presencial e semipresencial, pero non afecta ao número total; como sempre o límite de prazas do título de Enxeñaría mecánica do CUD de Marín está pendente de que publiquen a oferta por parte do ministerio de Defensa. O número de prazas por recoñecemento e traslado, presentan algunhas pequenas diferenzas respecto ao curso anterior, pero están todas dentro da normativa.

No caso dos másteres, os casos que difiren do ano anterior son os seguintes: Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca que ofertan 30 prazas, cando o ano pasado non se ofertou porque é bienal; o M.U. en Dereito da Empresa, tamén oferta 30 prazas, o ano anterior tampouco se ofertara pola decisión da Comisión Académica do máster, co a aprobación da Xunta do Centro. O mesmo aconteceu no caso do M.U. en Enerxía e Sustentabilidade, que este ano oferta 50 prazas; no máster en Avogacía solicítase un aumento de 4,2% no número de prazas, igualmente, o máster en PEMES incrementa a oferta en 6 prazas; o Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos, solicita unha diminución do 5% para adaptarse mellor adaptarse á demanda real; e, polo mesmo motivo, o máster en Enxeñaría da Automoción solicita unha rebaixa do 3,5% e o interuniversitario en Lingüística Aplicada, pide a redución de 2 prazas; o máster en Universitario en Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica reduce 6 prazas de forma excepcional, xa que será o último ano que se ofertará o título no seu formato actual, xa que como se verá nun punto posterior solicita unha modificación. Máster en Xeoinformática mantense o número de prazas que se reparten entre tres centros, en lugar dos dous anteriores, como se recolle na memoria de reverificación. Finalmente, o vicerreitor dá conta da oferta de prazas nos másteres que se imparten neste curso por primeira vez Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural; Ciberseguridade; Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais; Economía; Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria; Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados e Xenómica e Xenética.

Ábrese unha rolda de intervencións que comeza o profesor Álvarez Villamarín, manifestando o desacordo co proceso para establecer este número de prazas, tanto por parte da Xunta como da Universidade, xa que non se realiza ningunha reflexión máis que no caso dos novos títulos de grao e máster. Expón a situación da titulación de ADE que se imparte na UVigo en catro centros, tres no campus de Vigo, ofrecéndose máis de 500 prazas. Considera que a Universidade debe obrigar a que estes centros reflexionen e informen acerca desa oferta, que leva a cubrir prazas con estudantado pouco interesado, que conduce a taxas de abandono que a ACSUG establece como demasiado elevadas. Define esta situación como irracional, polo que anuncia a súa abstención neste punto.

Responde o vicerreitor que os centros só teñen a posibilidade de reducir a súa oferta un 5% sempre que o aprobe posteriormente a Xunta de Galicia. E esta limitación imposta deriva da visión do sistema universitario que ten a Xunta de Galicia, que considera que modificar esa situación pode orixinar desequilibrios entre universidades, zonas xeográficas e etc. A pesar que a Universidade de Vigo solicitou que se puidera cambiar este marxe, a Secretaría Xeral de Universidades non abre con claridade ese debate e como consecuencia o número de prazas de acceso segue inamovible.

Subliña o reitor que fixar o número de prazas de acceso é competencia da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Universidades, e manter dito número constante o consideran a forma de lograr equilibrio no sistema. Baixo o punto de vista da UVigo, é un xeito ineficiente, xa que a nosa universidade cubre a totalidade das prazas e podería aumentalas en algúns títulos como Enxeñaría Informática, xa que dispoñemos de recursos humanos e materiais. Pero non está permitido. Explica que nos debates coa Xunta trasladouse a necesidade de que os títulos manteñan unha eficiencia social, o que a nosa universidade xa logrou. Tamén se trasladou a necesidade de crear paneis de decanos e decanas dos centros que ofertan aqueles títulos que son moi demandados socialmente, para facer unha reflexión acerca da posibilidade de coordinación, etc. Ata o de agora só se activou o de educación, pero o de ADE aínda está comezando. Aínda que se quixera facer dita reflexión internamente na universidade, a marxe de actuación é só do 5%, polo tanto estamos moi limitados. Destaca o reitor que a prioridade da

Secretaría Xeral foi frear o descenso de prazas nas titulacións dos campus de Lugo e Ferrol.

Responde o profesor Álvarez Villamarín que se ben os centros teñen un marxe pequeno, que lle parece lóxico para que os cambios non sexa bruscos, pero insiste en que se poden definir estratexias a medio-longo prazo. Concorde en que a responsabilidade corresponde á Xunta nas titulacións que están moi duplicadas en todas as provincias, en concreto Educación e ADE pero reitera en que nesta última, a UVigo ten un problema interno xa que temos tres titulacións no Campus de Vigo. Esta situación debería ser abordada porque, lembra o profesor, que as memorias de grao e os informes de avaliación son conxuntos polo que debe asumirse a comparación coa titulación do IESID que ten taxa de abandono igual a cero, mentres que outros centros teñen unha taxa superior ao 30%. Sen que as persoas que ocupan os decanatos fagan nada.

Apróbase coa abstención expresa do profesor Álvarez Villamarín.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, das declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2019/2020.

O reitor indica que foi invitada a participar a decana da Facultade de CC.XX. e do Traballo, pero non asistiu á sesión, e cede de novo a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

Expón o vicerreitor que só hai unha petición de titulación de Grao, a de Deseño e Creación que se impartirá na Facultade de Belas Artes, título que está incluído no documento de mellora do Plano de titulacións do SUG. Trátase dun Grao único no SUG que completará a especialización do Campus Crea e permitirá a formación universitaria para profesionais e investigadores en deseño gráfico, audiovisual e multimedia.

En relación coas titulacións de Máster, recibíronse cinco declaracións de interese en títulos novos máis unha modificación que supón unha reverificación, xa que á impartición do título incorpórase unha nova universidade. Dá conta das solicitudes: Máster Universitario en Industria 4.0, reverificación do Máster en Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica, proposto pola EEI ao que se incorpora a Universidade de León; Máster universitario en Enxeñaría Aeronáutica e o máster universitario en Ciencia e Tecnoloxía do Espazo, a proposta da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, que foran aprobados no Consello de Goberno de 2017, contan tamén coa participación da Universidade de León; Máster interuniversitario en Visión por Computador proposto pola Escola de Enxeñaría en Telecomunicación, no que participan a Universidade de Vigo, a de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Porto; Máster universitario en Xestión e Dirección de Sistemas en Tecnoloxías da información e das Comunicacions e Seguridade da Información, proposto polo CUD, para cubrir as necesidades formativas do persoal do Ministerio de Defensa nesta materia. Refire o vicerreitor que a COAP informou favorablemente á declaración de interese destes cinco títulos. Por último, o máster universitario en Dirección e Xestión da Loxística da Cadea de Subministro sobre o que a COAP informou desfavorablemente, por tratarse dun título similar ao que xa foi ofertado no pasado e que tivo que ser retirado da oferta da UVigo.

Por último, refire as tres propostas de Programas de Doutoramento presentadas : Programa de doutoramento interuniversitario en Turismo, coordinado pola universidade de Málaga; o programa de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, que xa existe coordinado pola UVigo ao que se incorpora UdC; programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química, que xa existe coordinado pola USC que quere implantar modificacións.

Non hai intervencións en relación con este punto. Apróbanse por asentimento as declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2019/2020.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, do Procedemento e Criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade no ano 2017.

Cede novamente a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

Informa o vicerreitor que se presentan os mesmos criterios de selección que se aplicaron o ano pasado, proposta que foi aceptada finalmente por todos os sindicatos na mesa de PDI e foi informada favorablemente pola COAP. Explica que na mesa de negociación había inicialmente propostas distintas por parte do Comité de Empresa de Ourense e Pontevedra, no sentido de retomar as listas de prazas que xa tiñan sido aprobado nos Consellos de Goberno dos anos 2012 e 2013. O vicerreitor explica que a proposta da universidade foi non mudar os criterios, baseándose en que, por unha parte, é recomendable manter unha certa estabilidade e, por outra banda os informes xurídicos dos que se que dispoñía, xunto coa recente sentenza do tribunal contencioso administrativo relativa á saída de prazas de Catedrático de Universidade, así o indicaban. Pero, explica que ofreceu paralizar o proceso na agarda da entrada do novo equipo de goberno, pero todos os sindicatos acordaron aceptar a proposta da universidade.

Ó reitor abre unha rolda de intervencións que comeza o profesor Rafael Vallejo. Indica que o vicerreitor falou das dúas convocatorias de prazas, pero como son puntos distintos da orde do día, vaise cinguir ao punto 10, e manifesta o seu voto en contra da proposta. Indica que a súa exposición a presentará por escrito ao finalizar a sesión, para que sexa incorporada á acta (**Anexo V**).

Expón o profesor Vallejo que a convocatoria non se basea no mérito e a capacidade dos candidatos e das candidatas, que non se respecta a súa antigüidade na calidade, nin a igualdade de oportunidades, xa que se realiza unha selección de áreas. Considera que a promoción interna depende dos méritos dos individuos, e facer unha selección por áreas o considera unha perversión, xa que pode conducir a arbitrariedade ou o nepotismo. Reitera que con este criterio non saen os e as mellores polas súas capacidades, a pesar da aparencia de criterios obxectivos. Realiza o profesor Vallejo un comentario xeral de política universitaria salientando a súa participación en Alternativa Universitaria, e a súa decepción actual, e manifesta que non quere colaborar con unha universidade que actúa dese xeito e tamén anticipa que nos puntos 22 e 23 votará a favor dos recursos presentados polos profesores Aneiros e Muleiro.

Intervén a continuación a profesora Belén Rubio e indica que se referirá aos dous puntos en conxunto, xa que así foron tratados na COAP. Considera que os criterios terían que ser mudados para evitar a os recursos presentados e así o fixo constar. Expón que na meirande parte das universidades establecen unha orde por antigüidade na acreditación, o que di que soluciona moitos dos problemas. Manifesta que vaise abster neste punto, porque aínda que non está de acordo cos criterios establecidos respecta que fora negociado e aprobado polos sindicatos.

Toma a palabra o profesor Antonio Collazo quen anuncia o seu voto en contra aos criterios propostos. Na súa opinión deberíase buscar unha solución de compromiso, dando unha solución parcial a un colectivo que se viu afectado negativamente pola taxa de reposición. Defende unha postura intermedia na que se aposte pola estabilidade, coa que se puidera dar solución co tempo ás demandas deste colectivo de cara a garantir o seu dereito á promoción na súa carreira profesional.

O profesor Bienvenido Diez explica que na mesa de negociación aceptáronse os criterios como mal menor, para non deixar paralizado o proceso. Pero explica que parte das forzas sindicais levaban un tempo dicindo que hai que reformular os criterios, matizando algúns aspectos. Finaliza animando aos candidatos a que reformulen esta situación, aproveitando que os tempos de crise parece que están rematando. Recoñece que nos anos pasados houbo que facer moitos esforzos para poder sacar o mellor posible a oferta de emprego coas restricións impostas, pero considera que agora xa hai que negociar e establecer uns novos criterios.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín que comunica o seu voto a favor dos criterios. Explica que non vai explicar os argumentos, pero si manifesta que se sinte agredido pola intervención do profesor Vallejo, xa que como membro da COAP síntese aludido polos seus comentarios de colaborar na realización “dun traxe a medida” e de colaborar na universidade do demérito. Expón que el ten colaborado con esta comisión e defende que o traballo desenvolvido nela pola Vicerreitora foi exquisito, destacando que de feito transcorreu sen grandes críticas na COAP. Subliña que, a pesar de que ela podía ser afectada sempre traballou sempre de xeito imparcial e escrupuloso. Finaliza indicando, como consecuencia, considera a intervención anterior como un pequeno insulto á vicerreitora e a el mesmo.

A continuación o profesor Alonso Bacigalupe expón que vaise abster por coherencia co defendido na COAP. Non votará en contra por respecto ao acordo amplo da mesa de negociación.

De igual xeito o profesor Llamas Nistal manifesta as súas obxeccións, que serán expostas no punto seguinte.

O vicerreitor de Economía e Planificación destaca o seu interese en replicar á intervención do profesor Rafael Vallejo incidindo nas palabras do prof. Álvarez Villamarín. En relación co contido de fondo da intervención do profesor Vallejo subliña que a Oferta Pública de Emprego ten como obxectivo final cubrir as necesidades da nosa universidade e, dentro dese marco, os criterios de mérito e capacidade son os básicos nos procesos de selección dos candidatos e candidatas. Pero, reitera o vicerreitor, a orixe da OPE son as necesidades da institución, e esa é a razón de que se seleccionan as áreas nas que se poden convocar as prazas por criterios que non son exclusivamente de mérito persoal. A selección das persoas candidatas, por mérito e capacidade, é unha etapa posterior.

En relación coa intervención da profesora Belén Rubio, manifesta que comprende a súa posición, pero, como xa contestou na COAP, aplicando o criterio de antigüidade non se asegura que esteamos libres de recursos no contencioso promovidos polas persoas que se consideren prexudicadas por ese criterio.

Responde á intervención do profesor Collazo indicando que na situación actual, coa demanda dende o ano pasado de todas as forzas sindicais de estabilización dos criterios, cun informe xurídico que avala a posición que se mantén os informes, cunha sentenza que, se ben se refire as prazas de cátedras, garda moita relación con este caso, nós non podiamos avanzar nesa liña. Engade que o novo equipo reitoral si podería facelo, por iso propúxose á Mesa sindical paralizar este proceso ata a súa toma de posesión para que retome as negociacións e reoriente o proceso como estime máis acaído. A representación sindical considerou máis prioritario non adialo.

En relación coa intervención do profesor Diez, subliña que non se dixo que houbera un acordo cos sindicatos, senón que estes acabaron aceptando a proposta presentada. Agradece ao profesor Álvarez Villamarín a súa intervención en defensa da vicerreitora, que non está presente hoxe.

Intervén o reitor para expresar que lamenta moito a perda de confianza dos membros da comunidade universitaria por algunhas decisións tomadas, pero subliña que traballou sempre con equidade e conforme á seguridade xurídica. Recoñece que se puideron cometer erros, polo que pide desculpas, pero destaca que o tempo que foron épocas moi difíciles. Destaca a necesidade de actuar con seguridade xurídica, polo que seguíronse os informes dos que se dispuña. De dar prioridade ao colectivo de persoas cuxa promoción viuse suspendida por imperativo legal no 2012, tamén poderían ser reclamadas as súas prazas polas persoas que se acreditaron despois e non estaban incluídos. Comprende a sensibilidade das persoas que se senten prexudicadas, pero insiste en que sempre se actuou con garantías xurídicas. Finaliza reiterando que non había especial empeño en traer este punto se non houbera un acordo unánime, por iso, ofreceuse a posibilidade de agardar para realizar unha revisión de criterios, para que os realizara o executivo entrante. Dado que na mesa sindical preferiuse avanzar no proceso en lugar de adialo, preséntase antes este Consello de Goberno.

Dado que existen opinións encontradas, procédese á votación deste punto, obténdose 22 votos a favor, dous votos en contra e 7 abstencións, polo que se aproba o Procedemento e Criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade no ano 2017 (**Anexo VI**).

**Punto 11.** Aprobación, se procede, do Procedemento e Criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2017.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, que expón que o debate na mesa de PDI foi levado en paralelo co relativo ao punto anterior, esgrimíndose argumentos similares. Tamén ao igual que no punto anterior, ofreceuse a posibilidade de adiar o proceso ata a incorporación do novo



equipo para ter a posibilidade da revisión de criterios, pero os sindicatos na súa totalidade estimaron preferible aceptar a proposta e continuar avanzando. Subliña que de igual xeito que na convocatoria do ano pasado, neste caso si que hai unha cota de prazas se convoca por méritos curriculares con independencia das áreas e hai outra cota de prazas que, como no caso anterior, se deciden en base ás necesidades da institución.

Na rolda de intervencións inicia a súa exposición o profesor Rafael Vallejo, que manifesta o seu voto en contra da convocatoria por dúas razóns fundamentais xa expostas no apartado anterior, pero engade razóns adicionais relacionadas coa promoción interna: en primeiro lugar, considera que existe un dereito adquirido por un grupo de profesores e profesoras afectados pola convocatoria de cátedras de 2012 que está pendente de ser executada e, en segundo lugar, fai referencia aos argumentos empregados polo letrado da Universidade na vista do contencioso das cátedras. Lembra tamén que a sentenza a que se refire o vicerreitor non é aínda firme. Finaliza destacando que, a pesar das diferenzas políticas

O profesor Vallejo achega un escrito coa súa intervención literal, que se anexa a esta acta (**Anexo VII**).

Intervén a continuación o profesor Álvarez Villamarín manifestando en primeiro lugar o seu voto favorable á proposta, consecuentemente coa súa participación na COAP neste tema. A continuación fai unha reflexión, para responder ao expresado polo profesor Vallejo no punto anterior, acerca de que o procedemento formulado pola vicerreitora de Organización académica e profesorado para a oferta pública de emprego de 2016 pode considerarse como unha boa concreción do espírito que representaba AU, que quere defender a pesar de que xa non existe, para o cal lembra os dous obxectivos básicos: a busca da excelencia e do equilibrio ente Campus e ámbitos. Considera que ambos deben ser empregados en todas as convocatorias, xa que as circunstancias de cada ámbito non son iguais. E estes criterios plasman ambas consideracións, nun marco moi restritivo. Subliña que nesa situación, tomáronse acordos para estabilizar inicialmente ao profesorado que non a tiña garantida. Posteriormente, os criterios para a promoción se definiron tendo en conta as diferenzas entre ámbitos, non concorda en que o mérito individual sexa o único criterio válido. Realiza tamén unha reflexión a futuro, indicando que tal vez con moitas máis prazas que agora, sexa posible atopar criterios aceptados por todos con máis facilidade.

Toma a palabra o profesor Martín Llamas e lembra que na sesión do Consello de Goberno de 16/12/2016 formulara o rogo de que se constituíra un grupo de traballo para establecer os novos criterios de promoción a TU e CU para que os colectivos implicados os coñezan antes da súa aplicación. Pregunta se dito grupo foi constituído. Indica que o ano pasado tivera reparos en aprobar os criterios para as prazas de CU, xa que consideraba que na súa determinación debería terse en conta todas as opinións. Manifesta que sendo tamén de AU non comparte totalmente o expresado polo profesor Álvarez Villamarín, xa que considera que podería haber mellores formas de conxugar as necesidades da universidade e os dereitos á promoción e, engade que a necesidade de estabilidade non pode facer perdurar uns criterios que tal vez non foron suficientemente debatidos. Manifesta o seu voto en contra a esta proposta, por coherencia ao que expuxo na sesión que mencionou. Subliña que no debate se fai fincapé no interese da universidade e menos nos dereitos á promoción do profesorado e insiste en que habería que conxugalas. Menciona que non considera que o criterio dos sexenios sexa o máis axeitado para a selección, considera que a maioría da universidade sigue o criterio da antigüidade na acreditación. Insiste na necesidade de crear o grupo de traballo e consensuar uns criterios o máis estables posibles.

O reitor fai un resumen breve da evolución da situación da Universidade de Vigo dende o ano 2010 no que a redución brusca das achegas públicas do goberno autonómico ás universidades que supón a primeira vez que se detraen recursos públicos dende o nacemento da UVigo, coa consecuencia dun déficit contable en varios millóns de euros que creou unha situación moi difícil, xa que o descenso se mantivo nos anos seguintes seguiu baixando. Aínda así, este equipo conseguiu equilibrar as finanzas para lograr manter a liña que propugnaba AU de promoción por méritos en todas as categorías. De maneira sobrevida en 2012, o ministro Montoro cencenou a autonomía universitaria e impón a taxa de reposición, o que no noso caso supuxo unha limitación drástica, porque sendo nova as prazas foron moi poucas. Polo que non se pode establecer unha comparación con outras como a USC. Nesa situación, continua o reitor, priorizouse a estabilización, creando convocatorias específicas para que os AD non tiveran que marchar. Despois de pelexar duro contra a taxa de reposición en diversas fronteas, foron conseguíndose pequenos

avances, de xeito que dentro de un ano o espazo de oportunidade será maior e será máis doado atopar criterios, sempre que se manteña a estabilidade económica. Menciona tamén que no borrador de orzamentos do estado, aínda sen aprobar, recóllense algunhas melloras que darán maior flexibilidade a oferta de prazas no futuro.

En relación coa creación do grupo de traballo indica o reitor que preguntará á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado a causa polo que non se levou a cabo.

O vicerreitor de Economía e Planificación lembra que tanto o ano pasado como este, hai universidades que publican unha OPE moi lonxe do máximo das súas posibilidades, porque aínda que non se diga, están intervidas. En relación coa intervención do profesor Vallejo, di que, en efecto, a sentenza non é firme, pero son os reclamantes os que teñen que decidir se o continúan ou non, pero en todo caso, non se vai a entrar a debater os argumentos empregados polo letrado na vista. Responde ao profesor Álvarez Villamarín que no caso de que se aproben os orzamentos do estado para 2018, vai ser todo máis doado e a única restrición será encaixar o conxunto das prazas na Masa salarial que autorice a Xunta de Galicia, e ter recursos na propia universidade para facer fronte ao incremento do gasto. Lembra que a nosa Universidade incrementou este ano o gasto en persoal en dous millóns de euros e que é necesario comparalo co financiamento incondicionado que se recibe do plan de financiamento da Xunta de Galicia. Na actualidade esa proporción é de 102/109, polo que estamos do no límite de gasto en Capítulo I. Pode suceder que a limitación deixe de ser a taxa de reposición e pase a ser a capacidade económica da universidade.

En relación coa intervención do profesor Martín Llamas, subliña que o feito de que non se constituíra o grupo de traballo que propuxo, non equivale a dicir que non se debateron os criterios na mesa sindical, na COAP e no Consello de Goberno. Con respecto ao tema dos sexenios, explica que este tema foi debatido na Mesa de PDI de xeito intenso pero non se atopou un criterio alternativo viable, polo que sendo conscientes das limitacións deste criterio, non se formulou outro que parecera máis axeitado.

O profesor Martín Llamas subliña que a súa intervención non foi dirixida en contra da política xeral de profesorado da universidade, só se refire a este panel de criterios. Destaca que este debate xa tivo lugar o ano pasado, o argumento a favor da creación do Grupo de Traballo era precisamente ampliar a base de debate e reitera que o seu voto negativo é por ser coherente con esta solicitude.

O profesor Bienvenido Díez quere destacar que este debate non está pechado na mesa de negociación, non se acadou un acordo, pero seguirá o debate.

Finaliza este punto o reitor manifestando o seu optimismo cara ao futuro, xa que estanse esvaecendo os límites e de aprobarse a lei de orzamentos do estado que inclúe medidas que axudarán a eliminar os efectos da taxa de reposición, polo que vai ser máis doado acadar as melloras negociadas, pero haberá que lograr ter os recursos necesarios. Reitera que os tempos anteriores foron moito máis difíciles e que intentouse facer con obxectividade.

Sométese a proposta a votación, co resultado de 21 votos a favor, 2 votos en contra e 8 abstencións. Polo que apróbase Procedemento e Criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2017 (**Anexo VIII**).

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da Guía de boas prácticas en investigación da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia. Comeza a vicerreitora lembrando que en maio de 2017 a UVigo obtivo a acreditación de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación HRS4R outorgada polo EURAXESS, o que supón un recoñecemento ao aliñamento das políticas da institución cos principios definidos na carta europea do persoal investigador, Charter & Code. Un dos puntos incluídos neste plan de acción proposto no contexto desta acreditación é a elaboración e publicación dunha guía de boas prácticas en investigación, documento que se somete á súa aprobación neste punto. Esta guía recolle un conxunto de compromisos e recomendacións que serviran

como orientación para que o persoal investigador desenvolva a súa actividade de acordo con criterios éticos e a normativa vixente.

Continúa a vicerreitora referindo que a Guía proporciona unha serie de pautas incidindo nos principios de honestidade, rigor e transparencia na actividade investigadora, prestando especial atención a que o persoal investigador en formación adquira estas boas prácticas dende o inicio da súa traxectoria profesional. A continuación a vicerreitora dá conta dos apartados do documento presentado e subliña que a Guía se presenta como un documento de partida, que deberá ser revisado periodicamente para adaptalo aos usos e evolución normativa. Adicionalmente, comenta que dende Área técnica de I+D+i do Vicerreitorado de Investigación e Transferencia estanse preparando documentos complementarios á Guía, con recomendacións específicas que poden ser de utilidade para o persoal investigador e que serán publicados proximamente na páxina web da Vicerreitoría.

Finaliza a vicerreitora indicando que a Guía de boas prácticas en investigación da Universidade de Vigo foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación do 16 marzo de 2018.

Abre o reitor unha roda de intervencións que inicia a profesora Belén Rubio, manifestando o seu acordo coa Guía de Boas prácticas, subliña que dende AU se manifestaba que a calidade debe demostrarse en todas as actividades.

Lembra que en decembro de 2010 fíxose público un caso de fraude, outro en outubro 2013 polo que considera que xa era necesaria unha Guía, pero por outro lado pon de manifesto algúns aspectos que lle gustaría mudar. Pregunta se houbo oportunidade de presentar a proposta aos grupos de investigación, de xeito que os IP poderían facer aportacións. Por exemplo expón que na páx. 7 recoméndase que os datos e materiais resultado dunha investigación sexan, preferentemente, de acceso público e que estean en condicións de poder ser compartidos por terceiras persoas, e pregunta como vaise velar polo cumprimento deses compromisos. Considera que debería estar vinculado co apoio da Área de Calidade e da Comisión de Investigación como responsable das accións necesarias a desenvolver nos casos nos que existan incumprimentos. De igual xeito no caso de detectarse algunha anomalía na concesión de premios extraordinarios de doutoramento, non está claro a quen acudir e considera necesario que estea recollido nesta Guía. De igual xeito, opina que o Comité de xestión de risco biolóxico que ver de ser aprobado tamén debería estar na Guía de boas prácticas.

Polo tanto, estando a universidade na situación política actual e, de non existir unha urxencia especial, propón que debería enviarse aos IP dos grupos de investigación, agrupacións estratéxicas e Centros singulares para que fagan as súas propostas de mellora.

Coincide a vicerreitora de Investigación e Transferencia coa profesora Rubio en que poderían incorporarse máis aspectos a esta Guía. Como xa indicou e se recolle no propio documento, trátase dun documento de partida que debe actualizarse. E refire que parecía axeitado que, como final de mandato, quedara establecido polo menos un documento básico que permitira seguir traballando nesta liña, máxime cando na acreditación de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación, no plano de traballo se establece a realización desta Guía. Insiste a vicerreitora que non se trata dun documento pechado, que se poden modificar algúns aspectos e algunhas partes poderán ser incorporadas como documentos complementarios, por exemplo, documentos específicos relacionados co risco biolóxico. Apunta tamén a conveniencia de que o equipo que suceda ao actual goberno poida abordar a elaboración dun Código Ético da institución, non limitado ao ámbito da investigación. Destaca que o documento que se presenta recolle unha serie de recomendacións, non imposicións e considera que a súa aprobación non supón ningunha dificultade.

O reitor subliña que non se trata dun regulamento, caso no que tería sentido a consulta indicada, pero tratándose dunha guía que é importante para o seguimento da acreditación de RRHH, selo de calidade internacional. Trátase dun documento de partida que nos permite cumprir con algúns indicadores da acreditación europea, pero non é incompatible con que se proponan melloras posteriores, coa colaboración de IP, Agrupacións estratéxicas etc.

Insiste a profesora Rubio en que faltan moitas cousas relevantes e responde a vicerreitora que somos

conscientes de que hai aspectos que deben ser incluídas, especialmente en cuestións relativas a ética de experimentación animal, ou de experimentación con humanos. Isto é deliberado porque son temas que precisan un debate pausado e en maior fondura. Deste xeito, se adianta un traballo que pode ser necesario xa que o próximo ano deberemos pasar a primeira auditoría en relación coa acreditación.

O reitor subliña a importancia de ter algo de terreo adiantado e así foi aprobado na comisión de investigación.

Apróbase por asentimento coa abstención expresa da profesora Belén Rubio (**Anexo IX**).

**Punto 13.** Aprobación, se procede, da participación na empresa BIOFAST como EBT da Universidade de Vigo.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen expón que a Normativa de Creación de Empresas que foi aprobada en Consello de Goberno con data 19/06/2012 establece o procedemento para a aprobación de EBT's e a participación da UVigo nas mesmas. Neste marco se somete a aprobación da empresa BIOFAST S.L. como EBT da Universidade de Vigo, empresa que se basea na actividade do grupo CA3 Novos materiais, dirixido polo profesor Pío Manuel González Fernández, e os resultados das investigacións do grupo relacionadas coa obtención dun material biocompatible (hidroxi-fluorapatita) de orixe mariño para a súa utilización como biomaterial para rexeneración ósea. Esta iniciativa foi seleccionada no programa IGNICIA da Xunta de Galicia que ofrece amplo financiamento para a súa posta en marcha. Proponse a participación da UVigo na empresa cun 10% do capital, que supón un desembolso de 5000 euros. Segundo o informe da OTRI, estudiado o plano de negocio e das características da empresa valorase como viable, con alto nivel de experiencia e implicación do equipo promotor, cumpríndose os criterios técnicos, estratéxicos e económicos para autorizar a participación da UVigo na empresa.

Finalmente, indica que se conta coa autorización do Consello Social para a participación nesta iniciativa, que é requisito previo necesario á aprobación do Consello de Goberno establecido pola normativa, debendo ser sometido con posterioridade de novo a súa consideración para a aprobación definitiva.

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, da participación na empresa Alen Space como EBT da Universidade de Vigo.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Refire a vicerreitora que nun marco similar ao anterior sométese á aprobación do Consello de Goberno a participación da Universidade na empresa Alen Space como EBT da Universidade de Vigo. Esta empresa se basea na actividade dun grupo de investigadores e investigadoras liderados polo profesor Fernando Aguado Agelet e se propón a provisión de servizos tecnolóxicos a empresas que pretendan despregar os seus propios satélites, así como a demostración e validación en órbita de tecnoloxía de clientes mediante a explotación de satélites propios. Tamén foi seleccionada no programa IGNICIA da Xunta de Galicia, polo que conta con financiamento para a súa posta e marca. Neste caso, engade, a participación da universidade é do 3% do capital (90 euros). Ao igual que no caso anterior conta con informe favorable da OTRI, no que se refire a viabilidade técnica, económica e comercial dada a experiencia previa e implicación do equipo investigador. Informa tamén de que entre a documentación deste punto, inclúese a autorización previa do Consello Social para a participación da UVigo na empresa.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Tratado con anterioridade.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais O Castro e As Burgas para o curso 2018-2019.

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións internacionais, quen explica que ao igual que todos os anos preséntanse as propostas de prezos máximos para os complexos residenciais que dependen da Universidade de Vigo. Refire que a proposta cumpre todos os requisitos formais e de contías.

Apróbase por asentimento (**Anexo X**).

**Punto 17.** Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2018/19.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para a presentación deste punto.

Explica que a proposta de Calendario académico para o curso 2018/19 está realizada seguindo a liña de anos anteriores. Configúrase un calendario de mínimos, sinalando as datas de inicio e final do curso académico e establecendo os días festivos, períodos non lectivos, períodos de apertura de actas, deixando liberdade aos centros para que, nestes marxes, adecúen o calendario ás necesidades concretas das titulacións impartidas.

Esta proposta xa foi remitida aos servizos da universidade que teñen relación con matrículas ou cos estudantes, así como a todos os centros para a formulación das alegacións que consideraran oportunas. Indica a secretaria que, a pesar de que avisouse da necesidade de que fora enviado ás representacións sindicais como se acordara o ano anterior, non se fixo, polo que pide desculpas.

Tan só se recibiu a suxestión de que se especificara que o 27 de Novembro é a festa do centro só á E.U. de Maxisterio "María Sedes Sapientiae" de Vigo (os anos anteriores se indicaba "educación" e inducía a erro con Ciencias da Educación e Ciencias da Educación e do Deporte con festa o 26/04/2019).

Engade a secretaria xeral que, xunto coa documentación ,achegouse tamén a proposta de calendario académico do Centro Universitario da Defensa de Marín que, como é habitual, trátase dun calendario moi específico, moi delimitado polos condicionantes do Ministerio de Defensa, polo que se trata duna proposta practicamente pechada, sen posibilidade de introducir variacións.

Na rolda de intervencións, o profesor Álvarez Villamarín manifesta o seu desacordo co calendario por un aspecto concreto que xa ten comentado en anos anteriores, que son os patróns dos centros. Manifesta que se o día do patrón do centro, en realidade non se festexa o patrón porque os centros están pechados. Iso implica que de facerse algún acto de celebración, hai que realizado noutro día, o que supón unha limitación nas actividades académicas. Sen ir ao extremo de eliminalos, que sería o desexable na súa opinión, considera que poderíase facer un "día do patrón", común para todos os centros, co que o persoal tería o festivo que lle corresponde, ou dar un día máis de asuntos propios, de xeito que o centro poida estar en funcionamento. Fai constar a súa abstención neste punto.

A continuación intervén o profesor Bienvenido Diez que lamenta que un ano máis non se teña remitido a proposta de calendario ás forzas sindicais para que puideran facer alegacións. Reitera a consideración dos sindicatos de que o calendario académico garda relación co calendario laboral e, a pesar de que o equipo reitoral non o estime así, lembra que se chegara ao acordo de que debía remitírselles.

Apróbase por asentimento coa abstención do profesor Álvarez Villamarín (**Anexo XI**).

**Punto 18.** Aprobación, se procede, da propostas do Departamento de Física Aplicada de concesión do grao de "Doutor Honoris Causa" á profesora M<sup>a</sup>. Inmaculada Paz Andrade.

O reitor dá conta da invitación formulada ao director do Departamento de Física Aplicada para que participe con voz pero sen voto neste punto. Cede inicialmente a palabra á secretaria xeral para a presentación da proposta.

Indica a secretaria xeral que na sesión de hoxe se presentan dúas propostas de concesión do grao de Doutor Honoris Causa para dúas profesoras procedentes de dous ámbitos diferentes e manifesta a súa satisfacción por avanzar un pouco máis na equiparación do número de homes e mulleres na relación destas distincións.

Lembra secretaria que, segundo o artigo 39ae) dos Estatutos en vigor da UVigo “correspóndelle ao Consello de Goberno a adxudicación de doutoramentos Honoris Causa a persoas que, segundo os seus méritos considere merecedoras de tal nomeamento, de acordo coa normativa aprobada polo Claustro”. E esta normativa refire que a proposta para o grao de doutor Honoris Causa pode estar formulada por un ou varios departamentos, sempre que o Consello de Departamento acade o informe favorable da metade máis un dos seus membros e consiga o aval, polo menos, de 3/5 dos departamentos do ámbito de coñecemento do que se trate e conte co informe favorable do centro ou centros correspondentes

A continuación dá conta de que a proposta de concesión do grao de Doutor Honoris Causa á profesora M<sup>a</sup> Inmaculada Paza Andrade, catedrática de Física Aplicada e profesora-investigadora “Ad Honorem” da Universidade de Santiago de Compostela, foi formulada polos profesores Marta M<sup>a</sup> Marto Corzón e José Luis Legido Soto, do Departamento de Física Aplicada; conta co apoio de 9 departamentos do ámbito tecnolóxico, polo que supera as 3/5 partes esixidas pola normativa. Conta ademais co informe favorable dos 6 Centros correspondentes a estes departamentos: Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo; Escola de Enxeñaría Industrial, Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, E. Enx. de Telecomunicación, E. Enx. Informática e a Facultade de CC do Mar.

Indica que xunto coa convocatoria foi enviada unha breve memoria que resume os méritos da profesora M<sup>a</sup> Inmaculada Paz Andrade, pero a defensa dos seus méritos a realizará o director do Dpto. Física Aplicada.

O reitor cede a palabra ao profesor Manuel Martínez Piñeiro.

O director agradece a invitación para intervir no Consello de Goberno e manifesta que o departamento se sente moi honrado de poder presentar esta candidatura ao grao de Doutor Honoris Causa, para unha figura senlleira da ciencia galega e unha muller que foi pioneira en moitos ámbitos. Subliña os méritos investigadores e académicos de Inmaculada Paz Andrade e destaca que foi fundadora dunha escola de investigadores e académicos da cal proceden once catedráticos que na actualidade traballan na Universidade de Vigo, xunto con moitos máis radicados noutras universidades españolas e estranxeiras. Conclúe que se trata dunha investigadora de referencia mundial no campo da termodinámica nas últimas décadas, recoñecida con moitos premios, e considera que a súa incorporación aos Honoris Causa sería unha honra para a Universidade de Vigo.

O reitor destaca que é unha honra engrosar a lista dos Honoris Causa da Universidade de Vigo coa incorporación de Inmaculada Paz Andrade e propón a aprobación por unanimidade da proposta.

Apróbase por unanimidade.

**Punto 19.** Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa de concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Jackelyn C. Campbell.

O reitor cede de novo a palabra á secretaria xeral, para a presentación da proposta e refire que foi enviada a invitación á directora do departamento de Análise e Int. Psicoeducativa, M<sup>a</sup> Carmen Verde Diego, que escusa a súa presenza.

A secretaria xeral dá conta da proposta de concesión do grao de Doutor Honoris á profesora Jackelyn C. Campbell, catedrática en la John Hopkins University Scholl of Nursing, presentada pola profesora María Lameiras Fernández do departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa. Indica que a memoria razoada que fundamenta os méritos da candidata xunto co seu CV foron achegados coa convocatoria de este Consello de Goberno e que a proposta vén avalada por 13 dos 14 departamentos do ámbito xurídico-social, e por 9 centros, nomeadamente: Fac. de CC da educación, Fac. CC de Educación e do Deporte, Fac de CC económicas e Empresariais, Fac. de Dereito, Fac. CC Sociais e da

Comunicación; CC Xurídicas e do Traballo; Fac. de CC Empresariais e do Turismo; Esc. Univ. Enfermería de Ourense e Esc. Univ. Enfermería de Meixoeiro. Ademais, engade, conta tamén cun informe favorable da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Dado que non pode realizar a presentación dos méritos a Dra. do Dpto. Análise e Int. Psicoeducativa, a secretaria xeral realiza unha moi breve escolma do seu currículo. Destaca que a profesora Jacquelyn C. Campbell está considerada unha das mais sobresaíntes académicas en materia de violencia de xénero a nivel internacional, comezando a súa investigación arredor desta problemática nos anos 80, cando estas cuestións estaban totalmente invisibilizadas. O seu currículo comprende preto de 300 publicacións en artigos científicos, libros e capítulos de libros nas mais prestixiosas revistas científicas e editoriais, sendo algún deles entre os máis citados no seu ámbito.

Pola relevancia do seu traballo, a profesora Campbell ten sido requirida para colaborar cunha morea de institucións e organismos a nivel nacional, comezando polo propio Congreso dos EEUU. Destaca tamén a colaboración a través de proxectos de investigación, asesoramento ou programas de formación con innumerables entidades. A todo estas actividades, súmase o liderado desenvolvido dentro de organismos internacionais como a World Health Organization (WHO) e a United Nations Development/ Fundfor Women (UNIFEM) nas que desenvolveu importantes políticas de actuación para erradicar a violencia de xénero en todo o mundo. Continúa destacando a secretaria xeral a labor da profesora Campbell na formación de profesionais, liderando a formación de estudantes internacionais, dentro dos que destacan os proxectos desenvolvidos con estudantes procedentes de países como China (primeira investigación do sector da saúde sobre a violencia no interior da parella), Tanzania (primeira investigación sobre homicidios) ou Exipto (primeira investigación sobre o abuso durante o embarazo e saúde reprodutiva). Ademais, ten participado como avaliadora de traballos de investigación desenvolvidos tanto en EEUU como en moitos países europeos e, finaliza a secretaria xeral, ten recibido numerosos galardóns e recoñecementos por distintas universidades e institucións de distintos países. Polo tanto, resume, a candidata proposta reúne todas as características e requirimentos esixibles a un Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo.

Apróbase por unanimidade a concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Jackelyn C. Campbell.

**Punto 20.** Aprobación, se procede, do Protocolo de actuación para o cambio de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á Directora da Unidade de Igualdade, Anabel García Penín, convidada a participar no Consello de Goberno para a presentación deste punto.

Expón que os dous obxectivos básicos do protocolo proposto son, por un lado garantir o dereito das persoas transexuais, transxénero e intersexuais da comunidade universitaria a utilizar o nome do xénero co que realmente se identifican nos procedementos internos da Universidade de Vigo cando este no coincida co seu nome de uso legal, e por outro lado, establecer un procedemento para que, no caso das persoas que acadaron o cambio de nome legal e da mención do seu sexo rexistral, se axilicen os trámites de modificación dos rexistros e documentación oficial expedida pola Universidade de Vigo.

No ámbito subxectivo do procedemento, refírese ás persoas que poderán solicitar o cambio de nome e de xénero de uso común polo procedemento aquí establecido. A continuación, realiza un resumo das etapas principais dos dous procedementos recollidos, por un lado, o cambio de nome e xénero de uso común e por outro, o cambio de nome de uso legal e rectificación rexistral da mención relativa ao sexo.

Salienta que este Protocolo retende dar resposta á necesidade de atender adecuadamente as demandas das persoas transexuais, transxénero e intersexuais pertencentes á comunidade universitaria da Universidade de Vigo, co obxectivo de garantir o dereito á súa libre manifestación da identidade e expresión de xénero sen sufrir ningún tipo de discriminación. E subliña que, de ser aprobado, a Universidade de Vigo sería a primeira do SUG en facelo e das poucas do estado en establecelo.

Engade o reitor que este protocolo foi debatido e aprobado na Comisión de Igualdade por unanimidade.

Apróbase por asentimento (**Anexo XII**).

**Punto 21.** Aprobación, se procede, do Regulamento da Biblioteca Universitaria.

Cede o reitor a palabra ao Vicerreitor de Economía e Planificación quen explica que con este regulamento trátase de actualizar o actual que é do 2002, tan to no contexto no que se desenvolven as actividades bibliotecarias como as novas tecnoloxías e os novos servizos que ofrece a biblioteca. Ademais das novas funcionalidades, o máis salientable é que establece unha tipoloxía intermedia de persoas usuarias, entre as propias da universidade e as externas, que se denominan persoas usuarias “autorizadas” para encadrar tanto aos estudantes egresados como os antigos PDI e PAS.

Non hai intervencións. Apróbase por asentimento (**Anexo XIII**).

**Punto 22.** Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Jaime Aneiros Pereira contra o acordo do Consello de Goberno de 22 de novembro de 2017 aprobando a oferta de emprego público do persoal docente e investigador para o ano 2017.

Para a presentación deste punto, o reitor cede a palabra á secretaria xeral quen indica inicialmente que os puntos 22 e 23 da orde do día fan referencia a recursos similares, e os dous profesores reclamantes foron invitados a participar no consello de goberno, pero que non están presentes na sesión.

Realiza a continuación unha presentación dos antecedentes do recurso presentado por Jaime Aneiros Pereira. Lembra que no Consello de Goberno do 9 de outubro de 2017 aprobáronse os criterios para a elaboración da oferta pública de emprego persoal docente e investigador para o ano 2017 e na pasada sesión do Consello de Goberno tratouse, no punto 10 da orde do día, o escrito presentado o 3 de novembro, no que o profesor Jaime Aneiros interpoñía recurso de reposición contra ditos acordos e simultaneamente, recurso de alzada fronte aos actos de trámite cualificados en desenvolvemento dos citados criterios. Nesa sesión, acordouse a inadmisión do recurso de alzada e a desestimación do recurso de reposición.

No punto 3 da sesión do Consello de Goberno do día 22 de novembro de 2017 aprobouse a oferta de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017, e hoxe trátase o escrito presentado polo profesor Aneiros polo cal o recorrente interpón recurso de reposición contra dito acordo, coa petición expresa de suspensión da execución da Oferta de Emprego Público para 2017, así como os actos de trámite cualificados derivados dese Acordo e dos Criterios aprobados polo Consello de Goberno de 9 de outubro de 2017.

Prosegue a secretaria xeral facendo un resumo das alegacións realizadas polo profesor Aneiros no seu escrito. En primeiro lugar, alega que se produce discriminación en relación co dereito á promoción profesional, xa que na súa opinión prímase a promoción do colectivo CD interino respecto do PCD non interino, sen existir criterios obxectivos que xustifiquen que o interino dunha praza concorra o outra superior sen ter previamente consolidado a praza da que é interino. Alega tamén a xeración dun prexuízo de difícil ou imposible reparación para o profesorado de itinerario normal a causa do recoñecemento do que denomina dereito de promoción automático para o profesorado contratado interino por razóns puntuais. Xa que coa actual limitación do número de prazas de PTU e os criterios aprobados, un PCDI está en mellor posición que un de itinerario normal para obtela, sen xustificación obxectiva e razoable. Continúa alegando o profesor Aneiros arbitrariedade nos criterios aprobados na UVigo, xa que non esixe un estudo de necesidades que xustifique a asignación dunha praza a un ámbito concreto aos interinos beneficiados con preferencia con outro cadro de profesores.

Tamén considera o recorrente que existe vulneración do dereito á seguridade xurídica e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos, argumentando que o criterio de antigüidade no posto e na acreditación, ofrece seguridade e certeza na posición que ocupa cada membro do profesorado do cadro



de persoal. Alega tamén a vulneración do principio de proporcionalidade e da igualdade entre ámbitos de coñecemento, considerando que a fórmula aplicada non xera nin equilibrio entre áreas/titulacións/ámbitos nin implica que o que teña maior puntuación na fórmula resulte adxudicatario dunha praza e finalmente. Finalmente alega tamén vulneración do criterio da antigüidade en relación cos dereitos do profesorado.

Por todo o cal solicita, que se admita o presente recurso de reposición con petición expresa de suspensión da execución do Acordo do Consello de Goberno de 22 de novembro de 2017 así como de todos os actos de execución polos Departamentos, Comisión de Organización Académica e Profesorado e interesados ata que non sexa firme dito acordo do Consello de Goberno. Solicita tamén que se inclúa, entre os criterios para solicitar a promoción de unha praza de Profesorado Titular de Universidade por parte de calquera docente de esta Administración, a antigüidade na Universidade de Vigo- referendada con criterios obxectivos como trienios ou quinquenios na data de acreditación pola ANECA; que se evite a promoción per saltum dun colectivo de profesorado en detrimento dos dereitos da outra parte del colectivo de profesorado desta Universidade; que se estableza a necesidade de que o profesorado contratado doutor interino se incorpore primeiro á categoría de Profesorado Contratado Doutor e non á de profesorado titular. De igual xeito, solicita que se desenvolva a normativa prevista nas normas da Universidade de Vigo para establecer un sistema que permita coñecer, en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica, as posibilidades de promoción profesional na carreira docente do profesorado acreditado aos diversos corpos docentes e finalmente, que se se corrixa os defectos de legalidade sinalados nos fundamentos anteriores na oferta de emprego público para 2017 e nos anos seguintes.

A continuación a secretaria xeral resume o informe de Asesoría Xurídica solicitado para dar apoio á toma de acordo do Consello de Goberno, nel se aclara que con data de 19 de xaneiro ditouse Resolución Reitoral pola que se desestimaba o pedimento do reclamante de suspensión da execución do acordo do 22 de novembro de 2017 do Consello de Goberno aprobando a oferta de emprego público do PDI así como todos os seus actos de execución.

En relación co recurso o informe indica que, en aplicación do art.70 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do artigo 19 da Lei 3/2017, de orzamentos xerais do Estado, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo aprobou na súa sesión de 9 de outubro de 2017, os criterios para a elaboración da oferta de emprego público de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017 e ,no exercicio da súa potestade de autoorganización dos recursos humanos, previamente negociado cos representantes legais dos traballadores, acorda ofertar 34 prazas de profesorado docente e investigador distribuídas en 14 prazas de profesorado contratado doutor e 20 prazas de profesorado titular da universidade (das cales 3 corresponden a areas con persoal investigador que finalizará o programa “Ramón y Cajal” e acadara a acreditación I3) e aproba a proposta de convocatoria a concurso de 20 prazas de promoción interna a catedrática ou catedrático de Universidade. De igual xeito, fai constar que nas actas da sesión do Consello de Goberno no que se aprobaron tanto os criterios como recóllese a argumentación de motivación detallada da oferta de emprego público de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.

Dado que a oferta de emprego público de persoal docente e investigador para o ano 2017 responde a necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria Asesoría Xurídica entende que é correcta e axustada ao ordenamento xurídico. En relación coa alegación de discriminación no dereito á promoción profesional, prexuízos no itinerario normal, arbitrariedade, vulneración do dereito á seguridade xurídica e da interdicción da arbitrariedade, vulneración do principio de proporcionalidade e da igualdade e por último vulneración do criterio da antigüidade en relación cos dereitos do profesorado, a Asesoría Xurídica entende que son alegacións que revisten unha natureza mais política que xurídica. O ordenamento xurídico non obriga a destinar todas as prazas que se puidesen ofertar á “carreira académica”. É máis, xa se destina 7 prazas de profesor titular universitario a convocar entre as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2015 que tivese a condición de profesorado contratado doutor. A imposibilidade de convocar máis prazas deriva da taxa de reposición e do teito de gasto prevista nas leis de orzamentos.

Finalmente, enténdese que os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade refírense ao proceso selectivo en si mesmo, non á tramitación interna que leve a cabo a Universidade de Vigo para determinar que prazas de profesorado se convocarían.

En base ao exposto, propónse a desestimación do pedimento do reclamante de suspensión da execución do acordo do 22 de novembro de 2017 do Consello de Goberno aprobando a oferta de emprego público do PDI así como todos os seus actos de execución.

Dado que a oferta de emprego público de persoal docente e investigador para o ano 2017 da Universidade de Vigo responde a necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria, como require a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propónse a desestimación do recurso presentado. En relación ao pedimento efectuado polo recorrente de que se desenvolva a normativa da Universidade de Vigo para establecer un sistema que permita coñecer en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica as posibilidades de promoción profesional do profesorado acreditado aos diversos corpos docentes é unha cuestión que debe ser valorado polos órganos competentes.

Conclúe a secretaria xeral que preséntase ao consello de Goberno para a súa aprobación a proposta recollida no informe de asesoría xurídica e que vén de explicarse.

Non se producen intervencións en relación con ese punto e procédese á votación a man alzada. Apróbase a proposta por 17 votos a favor, 2 votos en contra e unha abstención.

**Punto 23.** Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Luis Miguel Muleiro Parada contra acordo do Consello de Goberno de 22 de novembro de 2017 aprobando a oferta de emprego público do persoal docente e investigador para o ano 2017.

Traslada a secretaria xeral que se trata dun recurso similar ao anterior, no que o recorrente alega que dende a aplicación da denominada taxa de reposición a Universidade non ten establecido unhas regras claras a medio/longo prazo para a estabilización das numerosas figuras de persoal non permanente e aduce que os criterios cambian cada ano, en atención a diferentes condicionantes. Alega tamén que a xeneralidade de Universidades españolas estableceron criterios claros prorrogados o prolongados no tempo, considerando a antigüidade na acreditación, ou na Universidade ou na combinación de ambos para a aprobación dos criterios de prelación de prazas para cubrir a antedita taxa de reposición. E, ao igual que no caso anterior, alega tamén vulneración de dereitos fundamentais e principios básicos do ordenamento xurídico: dereito de igualdade, principio de seguridade xurídica, non arbitrariedade e lealdade institucional; así como vulneración das normas reguladoras da carreira profesional e da planificación dos cadros de persoal nas administracións públicas e do mesmo xeito, vulneración del criterio de la antigüidade en relación cos dereitos do profesorado. Engade tamén que a execución do acto impugnado pode ocasionar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

En función de ditas alegación, o recorrente interpón recurso, solicitando que se suspenda cautelarmente e se anule o acordo polo que se aproba a oferta de emprego público do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017; que se aproben uns novos criterios para a elaboración da oferta de emprego público do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para 2017, que sexan únicos, axustados a dereito e que tomen en consideración o dereito á promoción en condicións de igualdade por parte do persoal contratado da Universidade de Vigo. De igual xeito, solicita que se teñan en conta a antigüidade en relación co desempeño das funcións docentes e/ou datas de acreditación nesta universidade. E finalmente, que desenvolva a normativa da Universidade de Vigo para establecer un sistema acorde coa carreira académica que permita coñecer, en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica, as posibilidades de promoción profesional na carreira docente do profesorado acreditado aos diversos corpos docentes.

Dá conta a secretaria xeral dos aspectos básicos do informe de Asesoría Xurídica, que comeza dando conta da Resolución Reitoral de 19 de xaneiro de 2018 pola que se desestimaba o pedimento do reclamante de suspensión da execución do acordo do 22 de novembro de 2017 do Consello de Goberno aprobando a oferta de emprego público do PDI así como todos os seus actos de execución.

En relación a este recurso o informe de asesoría xurídica presenta as mesmas argumentacións que no caso anterior, polo que a secretaria xeral presenta ante o consello de goberno a mesma proposta de acordo que se recolle no informe: 1. A desestimación do pedimento do reclamante de suspensión da execución do acordo do 22 de novembro de 2017 do Consello de Goberno aprobando a oferta de emprego público do PDI así como todos os seus actos de execución. 2. Dado que a oferta de emprego público de persoal docente e investigador para o ano 2017 da Universidade de Vigo responde a necesidades de a recursos humanos con asignación orzamentaria, como require a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propónse a desestimación do recurso presentado. 3. En relación ao pedimento efectuado polo recorrente de que se desenvolva a normativa da Universidade de Vigo para establecer un sistema que permita coñecer en termos de relación priorizada e de seguridade xurídica as posibilidades de promoción profesional do profesorado acreditado aos diversos corpos docentes é unha cuestión que debe ser valorado polos órganos competentes.

Non hai intervencións e procédese á votación, co seguinte resultado: 17 votos a favor da proposta, 1 en contra e 1 abstención.

**Punto 24.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo para a colaboración no desenvolvemento das actividades da rede de investigación “Redes 2016 GI-1563 TMATI, Rede Tecnolóxica de Matemática Industrial” – Acordo específico entre a Universidade de León e a Universidade de Vigo para a constitución da Aula Confucio da Universidade de Vigo – Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas académicas externas do alumnado de todas as titulacións oficiais de grao e mestrado de ambas universidades – Convenio marco de cooperación interinstitucional entre a Universidad Nacional de Jaén (Perú) e a Universidade de Vigo – Convenio de cooperación educativa de prácticas académicas externas entre a Universidad de Salamanca e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Centroamericana José Simeón Cañas – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico Superior de Zongolica para o intercambio de estudantes Acordo de cooperación entre a Universidad Técnica Particular de Loja (Ecuador) e a Universidade de Vigo tendo como obxectivo a cooperación académica entre as partes – Acordo marco nos eidos académico, científico e cultural entre o Consello Nacional das Institucións da Rede Federal de Educación Profesional, Científica E Tecnolóxica (CONIF) e a Universidade de Vigo.

· Acordos específicos relacionados coa cooperación específica no eido de proxectos potenciais en investigación e desenvolvemento tecnolóxico de carácter multidisciplinar, e en proxectos de educación no ensino superior e as súas aplicacións específicas entre a Universidade de Vigo e:

1. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Sudeste de Minas Gerais (IF SUDESTE MG)
2. Instituto Federal de Minas Gerais (IFMG)
3. Centro Federal de Educación Tecnológica de Minas Gerais
4. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología de Mato Grosso
5. Instituto Federal de Mato Grosso do Sul (IFMS)
6. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología de Sao Paulo-IFSP
7. Instituto Federal de Brasília
8. Instituto Federal do Rio de Janeiro (IFRJ)
9. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Rio Grande do Sul (IFRS)
10. Instituto Federal de Paraná (IFPR)
11. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Pará
12. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Tocantins
13. Instituto Federal do Espírito Santo (IFES)
14. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología da Paraíba
15. Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Amazonas (IFAM)

- 16. Instituto Federal da Educação, Ciência e Tecnologia do Sertão Pernambucano
- 17. Instituto Federal de Alagoas
- 18. Instituto Federal do Ceará (IFCE)
- 19. Instituto Federal do Amapá
- 20. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Acre
- 21. Colégio Pedro II

- Protocolos de intención relacionados coa cooperación específica no eido de proxectos potenciais en investigación e desenvolvemento tecnolóxico de carácter multidisciplinar, e en proxectos de educación no ensino superior e as súas aplicacións específicas entre a Universidade de Vigo e:
  - 1. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Sul de Minas Gerais
  - 2. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Norte de Minas Gerais (IFNMG)
  - 3. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia de Goiás
  - 4. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia Sul-Rio-Grandense
- Memorandos de entendemento relacionados coa cooperación específica no eido de proxectos potenciais en investigación e desenvolvemento tecnolóxico de carácter multidisciplinar, e en proxectos de educación no ensino superior e as súas aplicacións específicas entre a Universidade de Vigo e:
  - 1. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia de Rondônia (IFRO)
  - 2. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia Goiano
  - 3. Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia do Maranhao (IFMA)

Apróbase por asentimento.

**Punto 25.** Rogos e preguntas.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 h do día 21 de marzo de 2018, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M. Pena Uris